



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL
DO 25.05.2022**

LUGAR: Sala de reunións do segundo andar do Edificio Exeria do Campus de Vigo

DATA: 25.05.2022

HORA DE COMEZO: 11:30 h.

HORA DE REMATE: 13:00 h.

LISTA DE ASISTENTES

Ernesto Pedrosa Silva

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Xulio Calviño Rodríguez

Francisco Gustavo Izquierdo Martínez

María Elvira Larriba Leira

María Sol Novoa Rodríguez

DESCULPAN ASISTENCIA

María Gloria Blanco Rial

Secretario: Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores día 25 de maio de 2022, ás 11:30 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19.05.2021).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Análise e evolución da taxa de abandono e cambio de estudos na Universidade de Vigo. Aproximación ás posibles causas e comparativas con outras zonas, consonte informe da Área de Calidade.
- 4.** Informe que proceda sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do SUG para o curso 2022/2023.
- 5.** Informe que proceda sobre as doazóns bibliográficas rexistradas durante 2021, se houberse.
- 6.** Informe sobre a situación da tramitación e expedición dos títulos oficiais da Universidade de Vigo, pendentes de entregar e pendentes de recoller.
- 7.** Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos (corresponden a taxas aprobadas polo Consello Social con anterioridade a entrada en vigor do novo Regulamento dos Programas de Formación Permanente):
 - a) Con aprobación previa do Presidente:
 - V Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"
 - VII Curso de formación en "Programación Java"
 - IX Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"
 - XIX Curso de formación en "Introdución á bolsa"
 - IX Curso de formación en "Estatística con R para profesionais da saúde"
 - XI Curso de formación en "Estatística con R para Investigadores"
 - IV Curso de especialista en "Dobraxa"
- 8.** Aprobación, se procede, das taxas para cursos de Extensión Universitaria 2022 da Universidade de Vigo, nos tres campus.
- 9.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos e deducións para participar nas actividades previstas polo Campus Camp en 2022.
- 10.** Corrección de erros no orzamento 2022 da Universidade de Vigo.
- 11.** Cambio de aplicacións orzamentarias para desenvolver accións estratéxicas de I+D+i.
- 12.** Solicitud de autorización de transferencia de crédito para desenvolver o proxecto Unidigital.
- 13.** Xeración de crédito, con cargo ao remanente de 2021, para actividades contra a violencia de xénero.
- 14.** Incorporación de remanente para un programa de investigación, en Humanidades (Convenio Centro Ramón Piñeiro).
- 15.** Aprobación, se procede, de desconto na matrícula do Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo".
- 16.** Acordo que proceda sobre a petición de axuda para conectar a empresas e estudantes no Congreso Atlántico de Marketing Dixital "Flúor".
- 17.** Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en febreiro e marzo de 2022.
- 18.** Rogos e preguntas.



Saúda Ernesto Pedrosa aos presentes e dálle a benvida aos que se incorporan por primeira vez á Executiva, que abre unha nova etapa. Subliña o valora a importancia da comisión, obxectivos e competencias. Agradécelles a asistencia, e de xeito especial ao responsable da Área de Calidade da UVigo, Joaquín Collazo.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19.05.2021).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Comenta Ernesto Pedrosa as dificultades para convocar a comisión Executiva, dadas as responsabilidades e obrigas profesionais e institucionais externas dos membros, aos que lles pide unha reflexión sobre a dispoñibilidade e compatibilidade para garantir un mínimo de asistencias ás convocatorias do Consello Social.

PUNTO 3

Análise e evolución da taxa de abandono e cambio de estudos na Universidade de Vigo. Aproximación ás posibles causas e comparativas con outras zonas, consonte informe da Área de Calidade.

As universidades prestan cada vez maior atención a reducir a cifra de abandonos nos primeiros cursos. Esfórzanse en coñecer as causas e actuar. As administracións públicas presionan nesa dirección. En Galicia, a Xunta insta aos Campus a promover plans de choque e avisan que as universidades recibirán máis fondos se reducen o abandono. A UVigo está a facer un estudo para achegarse ás causas dos abandonos, e o completará cunha enquisa aos estudantes afectados.

O director da Área de Calidade da UVigo, Joaquín Collazo, presenta ante a Executiva os últimos datos dispoñibles, dos que se desprende que no curso 2015/2016, a UVigo era a que tiña o maior índice de abandono en 1º, pasando no curso 2017/2018 a estar por debaixo: UDC (19%), USC (18,5%) e UVigo (16,5%). A tendencia é a mesma –aínda que mais acusada- no cambio de estudos en primeiro USC (9,8%), UDC (9,4%) e UVigo (5,6%).

Por ámbitos de coñecemento, as taxas de abandono na UVigo son inferiores á media das universidades españolas salvo en Enxeñaría e Arquitectura, estudos nos que son lixeiramente máis altas.

Collazo comprométese a seguir traballando para ponderar as causas e buscar indicadores que poidan ser comparables, para presentalos nunha próxima Executiva, a ser posible durante este mesmo ano.

Os asistentes participan nunha rolda de intervencións nas que se focalizan diferentes liñas de interese: cuantificar o importante retorno de alumnos que se está a producir (Elvira Larriba), identificar ao que se vai e as razón (Francisco G. Izquierdo), interpretación dos resultados no ámbito dos estudos tecnolóxicos (Xulio Calviño), e observación de comparativas coas universidades privadas (Ignacio Rodríguez).

Ernesto Pedrosa agradece a información subministrada pola Área de Calidade e empra a ao seu director a unha próxima comparecencia.

- ***A Comisión dáse por informada.***



PUNTO 4

Informe que proceda sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do SUG para o curso 2022/2023.

Dá conta o presidente do contido do decreto e do papel que lle corresponde ao Consello Social na tramitación. Engade o secretario que as taxas para obter títulos oficiais seguirán conxeladas en Galicia por decimo segundo curso consecutivo, "co fin de atenuar o esforzo do alumnado e das súas familias....e evitar as posibles exclusión por motivos económicos". Tamén informa que para os restantes estudos, os prezos públicos serán fixados polo Consello Social, consonte o disposto na Lei Orgánica 6/2021.

- ***A Comisión emite informe favorable.***

PUNTO 5

Informe que proceda sobre as doazóns bibliográficas rexistradas durante 2021, se houberse.

Os presentes son informados de que ,consonte a normativa de aceptación de doazóns bibliográficas, e máis alá das doazóns de singular importancia das que deberá ser informado consonte a normativa autonómica, o Consello Social solicita anualmente un informe sobre posibles doazóns á Biblioteca universitaria. En 2021, ao igual que nos anos anteriores, non se rexistraron novidades.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 6

Informe sobre a situación da tramitación e expedición dos títulos oficiais da Universidade de Vigo, pendentes de entregar e pendentes de recoller.

Despois dun período no que se detectou un importante colapso e notables retrasos –ata de anos- na entrega de títulos aos egresados, en tempos nos que o Consello Social intensificou a presión ante a Xerencia e os servizos competentes para desatascar a entrega, os responsables de Xestión de estudos de Grao e Posgrao acreditan que actualmente non hai títulos pendentes de tramitar e o período máximo de espera para recibir o título é dun mes despois de telo solicitado.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 7

Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos (corresponden a taxas aprobadas polo Consello Social con anterioridade a entrada en vigor do novo Regulamento dos Programas de Formación Permanente):

- a) *Con aprobación previa do Presidente:*
 - *V Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"*
 - *VII Curso de formación en "Programación Java"*
 - *IX Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"*
 - *XIX Curso de formación en "Introdución á bolsa"*
 - *IX Curso de formación en "Estatística con R para profesionais da saúde"*
 - *XI Curso de formación en "Estatística con R para Investigadores"*
 - *IV Curso de especialista en "Dobraxa"*

Infórmanse favorablemente as Memorias finais de cursos que corresponden a taxas aprobadas polo Consello Social con anterioridade a entrada en vigor do novo Regulamento dos Programas de Formación Permanente, momento dende o que o Consello Social aproba as taxas no seu conxunto e con validez para cada curso, e non unha a unha como viña sucedendo ata a implantación do devandito Regulamento:

- ***Apróbanse as memorias presentadas.***



PUNTO 8

Aprobación, se procede, das taxas para cursos de Extensión Universitaria 2022 da Universidade de Vigo, nos tres campus.

Conforme ás competencias que ten recoñecidas o Consello Social, a Comisión revisa as taxas dos 22 cursos previstos nos tres Campus durante 2022, (8 en Ourense e Vigo e 6 en Pontevedra), cun notable incremento respecto a 2021 cando se ofreceron 13. Queda constancia de que os colectivos universitarios pertencentes aos grupos A e B (estudantes en xeral, PAS, PDI, familiares ou egresados inscritos na comunidade Alumni) terán un 35% de redución sobre o prezo da matrícula, e dun 20% se están no grupo C (persoas vencelladas á UVigo por diferentes causas).

- ***Apróbanse as propostas.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, dos prezos públicos e deducións para participar nas actividades previstas polo Campus Camp en 2022

Aclara o secretario que o campamento está dirixido ás fillas e fillos (de 3 a 15 anos) do persoal e alumnado da UVigo, unha iniciativa coa que a institución académica viguesa quere favorecer a conciliación da vida profesional e familiar dos membros da comunidade universitaria en época de vacacións escolares (xuño, xullo e setembro). Os prezos van dende os 160 euros polos tres meses ata 8€ por día solto, podendo optar tamén a quincenas ou meses concretos.

- ***Apróbanse as taxas.***

PUNTO 10

Corrección de erros no orzamento 2022 da Universidade de Vigo.

Expón o secretario que se trata de erros detectados unha vez aprobado o orzamento, que teñen que ver con sumatorios parciais, tantos por cento, % calculados erroneamente ou erros na redacción do texto que non teñen implicación algunha no reparto orzamentario nin na súa aplicación.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 11

Cambio de aplicacións orzamentarias para desenvolver accións estratéxicas de I+D+i.

Informa o secretario que o convenio de accións estratéxicas de I+D+i que asina a UVigo coa Xunta de Galicia para o período 2021/2022 dotouse no exercicio 2022 todo no capítulo 6, xa que non estaba clara a cantidade que se ía a destinar á contratación de persoal. Unha vez pechada a addenda do citado convenio coa Xunta de Galicia, solicítase a transferencia de crédito dende o capítulo 6 ao capítulo 1 (299.875 €), para poder realizar os contratos laborais.

- ***A Comisión autoriza a transferencia.***

PUNTO 12

Solicitude de autorización de transferencia de crédito para desenvolver o proxecto Unidigital.

Explícase neste punto que o proxecto Unidigital financiado con fondos Next Generation estaba previsto utilizalo na dixitalización da Universidade a través de compra de equipamento e software (capítulo 6), pero debido a necesidades do proxecto decidiuse contratar a dúas persoas para a área TIC, polo que é preciso unha transferencia de crédito ao capítulo 1 (46.209,60 €).

- ***A Comisión autoriza a transferencia.***



PUNTO 13

Xeración de crédito, con cargo ao remanente de 2021, para actividades contra a violencia de xénero.

Resume o secretario que a Xunta de Galicia vai a asinar un convenio para financiar as actividades do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Mentres non se asina, é preciso xerar o crédito dende o remanente libre pero hai garantías da Xunta de Galicia de que se vai asinar, polo que é un tema puntual. É necesaria a dotación orzamentaria, previa xustificación dos gastos, de aplicacións polos seguintes importes: 35.000 € e 5.000 €.

- ***A Comisión autoriza a dotación con cargo ao remanente de 2021.***

PUNTO 14

Incorporación de remanente para un programa de investigación, en Humanidades (Convenio Centro Ramón Piñeiro).

Neste caso, sinala Ignacio Rodríguez que para a realización dun programa de investigación en Humanidades, a través do centro Ramón Piñeiro, o cobro do convenio coa Consellería de Educación, correspondente ao exercicio 2021 recibíuse a final de ano, non sendo posible xerar o crédito para gastar nas actividades previstas. A cantidade cobrada foi ao remanente libre, polo que agora se solicita utilizar dito remanente libre para facer fronte aos pagamentos dos gastos comprometidos (2.049 € e 1.376 €).

- ***A Comisión autoriza a operación.***

PUNTO 15

Aprobación, se procede, de desconto na matrícula do Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo".

Vista a proposta da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, e en aplicación do artigo 24.3 do Regulamento dos programas de formación permanente da UVigo, a Comisión aproba o prezo reducido para o alumnado do Mestrado en Tradución para a comunicación internacional, que se matricule no Curso de Especialista en Tradución para a industria do videoxogo, que abonará 840 € fronte aos 1.400 € da tarifa xeral.

- ***Apróbase a proposta.***

PUNTO 16

Acordo que proceda sobre a petición de axuda para conectar a empresas e estudantes no Congreso Atlántico de Marketing Dixital "Flúor".

Introduce este punto o presidente para resumir que o Congreso, previsto durante dous días en Pontevedra, focalízase como unha plataforma que identifica, interconecta e dá visibilidade ao talento dixital máis importante de España. Dentro da programación, o Consello Social patrocina unha actividade específica para que alumnado de Graos e Mestrados da Facultade de Comunicación participen nun encontro e entrevistas en formato exprés con empresas (entre 15 e 20) e especialistas de sectores relacionados coa súa aprendizaxe.

- ***Apróbase unha aportación de 2.000 €.***

PUNTO 17

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en febreiro e marzo de 2022.

Ernesto Pedrosa indica que os convenios quedan no Consello Social a disposición dos interesados e aos efectos oportunos.

- ***A Comisión dáse por informada.***



PUNTO 18

Rogos e preguntas.

Por iniciativa do presidente, os asistentes deixan constancia expresa do parabén ao Reitor pola reelección amplamente referendada polos votos da comunidade, e trasládanlle ánimos e apoio polas difíciles circunstancias emocionais e afectivas vividas (polo inesperado pasamento do vicerreitor Manuel Ramos na véspera do día electoral).

O presidente pecha a sesión invitando aos compoñentes da Comisión a presentar iniciativas ou facer as propostas que estimen oportunas.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 25 de maio de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias